Foro económico de Galicia

Informe de Conxuntura socioeconómica

I / 2018

Fernando González Laxe (coord.)
José Francisco Armesto Pina
Patricio Sánchez Fernández
Santiago Lago Peñas

www.foroeconomicodegalicia.es

ASPECTOS SALIENTABLES

1. Por segundo ano consecutivo, a economía galega presenta un crecemento anual do PIB en termos reais do 3,1%, encadeando nove trimestres consecutivos con incrementos iguais ou superiores ao 3%.

2. A economía de Galicia presenta un crecemento equilibrado, ao presentar tanto a demanda interna como externa unha achega positiva ao crecemento agregado do PIB. A demanda interna segue constituíndo o principal motor de crecemento, cunha contribución positiva de 1,7 puntos porcentuais, 1,1 puntos inferior á do conxunto do Estado. Este diferencial explícase polo feito de que dos distintos compoñentes da demanda interna, tan só o gasto en consumo final das administracións públicas medra riba do estimado en España. O aspecto máis positivo do ano 2017 en Galicia é o impulso do investimento, cunha medra do 3,2% (5% no Estado), destacando as taxas superiores ao 4% no segundo semestre do ano. Por contra, ralentízase o gasto das familias, ao rexistrar unha medra interanual do 1,3%, sete décimas menos que no ano anterior (2,4% en España).

3. A demanda externa en Galicia aporta 1,4 puntos ao crecemento do PIB, unha décima máis que no ano anterior, cando en España a súa contribución é de tan só tres décimas. Respecto ás relacións comerciais con terceiros países, o saldo positivo da balanza de pagos supera os 4.500 millóns de euros. Ademais de insistir na acusada concentración xeográfica e sectorial, cómpre resaltar a tendencia crecente do peso das exportacións do téxtil-confección, que representa xa o 27,5% das exportacións galegas, e a caída do peso do sector do automóbil, que supoñen só o 16,4%. O investimento directo estranxeiro en Galicia presenta unha redución do 21% nos nove primeiros meses do ano (-3,1% en España) para situarse nos 90,5 millóns de euros, o 0,6% do total estatal.

4. Dende o punto de vista da oferta, o aspecto máis destacado é o crecemento do valor engadido bruto xerado en todas as ramas de actividade. A pesar da súa ralentización, as actividades de comercio, transporte e hostalería volven a ser as que presentan o maior crecemento, cun 6,3%. Esta evolución incide na ralentización do crecemento do sector servizos no seu conxunto. No extremo oposto, o sector primario, ao igual que a construción e a industria manufactureira presentan un comportamento máis positivo que no ano anterior. Cómpre destacar a evolución da industria manufactureira, que no conxunto do ano medra un 4,2%, e que no derradeiro trimestre do ano sitúase como a actividade de maior dinamismo, cunha medra do 6%.

5. Segundo o información fornecida polo Índice de Competitividade Rexional (ICREG) do Consejo General de Economistas, Galicia presenta dende o ano 2008 un nivel de competitividade inferior á media estatal, situándose en 2016 no

93,4%, porcentaxe inferior ao estimado para o período 2008-2010. En relación ao resto das CC.AA., Galicia atópase nunha posición intermedia-baixa, situándose no posto décimo entre 2012 e 2016.

6. Atendendo aos eixos de competitividade do ICREG, o entorno institucional mantén un nivel competitivo alto. No extremo oposto, o entorno empresarial mantén un nivel baixo e o correspondente ao capital humano e infraestruturas básicas, baixo ou medio-baixo.

7. A recuperación económica iniciada en 2014 reflíctese nun bo comportamento dos grandes agregados do mercado de traballo atendendo á evolución da ocupación, tanto se se mide en termos de EPA (1,2%), postos de traballo equivalente (1,8%) ou de afiliacións (2,1%), como na redución do desemprego estimado e rexistrado no servizo público de emprego (-9,2% e -8,5%, respectivamente). A devandita recuperación económica non foi quen de frear a perda de poboación en Galicia, sendo especial intensa no caso da poboación activa con idades comprendidas entre 25 e 34 anos, con descensos continuados dende o ano 2008. Asemade, a taxa de temporalidade segue aumentando (27% no último ano), e comparado coa media española, Galicia non só presenta unha peor evolución en termos de ocupación e desemprego, senón tamén presenta unha das taxas de actividade e ocupación máis reducidas. Entre os aspectos positivos, hai que resaltar o incremento do emprego nas actividades da industria manufactureira, así como a redución do desemprego de longa duración en máis de 13.500 persoas, se ben aínda representa o 50,2% do paro total.

8. Galicia caracterízase polo seu elevado minifundismo empresarial, que ademais é superior á media europea e as principais CC.AA. Isto incide negativamente en aspectos tan importantes como a baixa produtividade, especialmente no sector manufactureiro, ou no baixo nivel de investimento privado en I+D. O 96,4% das empresas galegas considéranse microempresas (0-9 asalariados), 1,6 puntos por riba da media estatal, situándose esta porcentaxe no 92,8% no conxunto da UE-28 (82,4% en Alemaña). No caso das empresas manufactureiras, o 87,1% das empresas teñen menos de dez asalariados, sendo esta porcentaxe do 75,7% no caso do País Vasco, e lixeiramente superior ao 80% en Navarra ou Cataluña. Na UE esta porcentaxe é do 82,7%, reducíndose ata o 64,1% en Alemanía.

CONTIDOS

I- ANÁLISE CONXUNTURAL: ANO 2017.
. Contas económicas.
. Mercado de Traballo.

II- COMENTARIO
. A dimensión do tecido empresarial galego. Especial referencia ao sector manufactureiro
Autor: José Francisco Armesto

III-ACTUALIDADE FORO

. Nivel de riqueza regional, bienestar y desarrollo
Análisis de Albino Prada y Patricio Sánchez

O Informe de Conxuntura Socioeconómica ten como obxectivo subministrar aos axentes sociais, económicos e políticos a información básica e estratéxica que permita definir a situación actual da economía de Galicia. Asemade, pretende facilitar a avaliación continua das magnitudes máis salientables do noso País, e analizar os avances e melloras, mais tamén os atrancos ou retrocesos na súa dinámica macroeconómica.

ISSN: 2530-318X
Editado en Ourense polo Foro Económico de Galicia
Marzo de 2018

I- ANÁLISE DE CONTAS

1- CONTAS ECONÓMICAS 2017.

A economía galega segue presentando bos datos en termos macroeconómicos atendendo ás taxas de crecemento interanuais do seu PIB en termos reais, mantendo nove trimestres consecutivos taxas superiores ou iguais ao 3%. Con todo, as taxas de crecemento intertrimestrais presentan no segundo semestre do ano 2017 unha certa desaceleración. No conxunto do ano, a economía galega medra un 3,1%, porcentaxe similar ao rexistrado no conxunto do Estado.

A demanda interna segue a ser o principal motor de crecemento da economía galega, se ben a súa achega é sensiblemente inferior á media estatal. En Galicia, o aspecto máis positivo foi o forte impulso do investimento, mentres que o consumo final dos fogares presenta unha ralentización no seu crecemento. O cadro macroeconómico amosa tamén unha ralentización das taxas de crecemento das exportacións e importacións, se ben o saldo neto foi positivo, aumentando nunha décima a súa achega ao crecemento agregado do PIB. Polo lado da oferta, todos os sectores contribúen de xeito positivo, manténdose o comercio, transporte e hostalería, como a actividade de maior crecemento.

A competitividade da economía galega mellora de xeito continuado a partir de 2013. Con todo, dende o comezo da crise económica o ICREG non só se mantén por baixo da media española senón que Galicia ocupa unha posición intermedia-baixa en relación ao resto das CC.AA. O entorno institucional mantén un nivel competitivo alto en 2008, 2013 e 2016, fronte ao nivel baixo do entorno empresarial.

Por segundo ano consecutivo, a economía galega presenta unha medra do 3,1%, encadeando nove trimestres consecutivos con crecementos iguais ou superiores ao 3%. Se a análise se fai en termos intertrimestrais, a economía galega presenta unha desaceleración no seu ritmo de crecemento no segundo semestre do ano, ao incrementarse o PIB un 0,8% no terceiro trimestre do ano e un 0,7% no cuarto (0,9% no segundo trimestre).

Co inicio da recuperación económica a partir do ano 2014, Galicia retoma a senda de converxencia coa UE-28 perdida no período de crise. Influenciado fundamentalmente polo maior dinamismo da economía galega, e en menor media polo descenso poboacional, o PIB per cápita de Galicia en 2016 ascende ata o 82% da media comunitaria, tres puntos por riba do rexistrado en 2014 (88% en 2008).

Evolución do PIB real en Galicia e España, 2012-2017



DEMANDA AGREGADA

Por terceiro ano consecutivo, a demanda interna é quen explica en maior medida o crecemento agregado do PIB en Galicia. No ano 2017 a demanda interna achega 1,7 puntos, unha décima menos que no ano anterior, en tanto que o saldo exterior neto contribúe con 1,4 puntos, unha décima máis que en 2016. Dende o inicio da recuperación económica en 2014, a contribución demanda interna no conxunto do Estado é superior á estimada en Galicia (2,8 puntos porcentuais en España) ao contrario do que acontece coa demanda externa (tres décimas no Estado).

Dende o punto de vista da demanda interna, o aspecto positivo máis salientable o constitúe o forte impulso do investimento, medido en termos de formación bruta de capital. Ao longo do ano 2017 o investimento medrou en Galicia un 3,2% en relación ao ano anterior, cando no ano 2016 esta medra fora de tan só seis décimas, destacando a medra superior ao 4% no segundo semestre do ano. Pola contra, o consumo final das familias presenta unha ralentización do seu crecemento, ao rexistrar unha taxa de variación interanual do 1,3%, sete décimas menos que no ano anterior. O consumo das administracións públicas medra un 2,1%, unha décima menos que a rexistrada no trimestre anterior. Atendendo á súa evolución ao longo do ano, cómpre mencionar que tanto o consumo dos fogares como o investimento presentan un comportamento positivo, acadando as taxas de variación interanuais máis elevadas no último trimestre.

Achega da demanda interna e externa en Galicia e España 2015-2017



Fonte: IGE e INE

Cadro macroeconómico de Galicia 2015-2017. Taxas de variación interanual.

%

	2015	2016	2017	2016/I	2016/II	2016/III	2016/IV	2017/I	2017/II	2017/III	2017/IV
Produto Interior Bruto											
Demanda	2,4	3,1	3,1	3,1	3,0	3,3	3,1	3,0	3,2	3,1	3,1
Gasto en consumo final											
Fogares e institución privadas sen fin de lucro	1,0	2,1	1,5	2,2	2,6	2,4	1,0	1,6	1,0	1,7	1,7
AA. Públicas	1,1	2,0	1,3	2,3	2,1	2,1	1,5	0,7	1,2	1,3	1,9
Formación Bruta de Capital	0,8	2,2	2,1	2,0	4,0	3,4	-0,7	4,2	0,3	2,7	1,1
Achega demanda interna ao PIB	3,1	0,6	3,2	0,4	0,2	0,6	1,3	2,1	2,5	4,0	4,2
Exportacións	1,4	1,8	1,7	1,9	2,2	2,1	1,0	1,7	1,2	2,0	2,0
Importacións	1,5	5,5	4,8	3,3	4,9	5,8	8,0	6,3	6,3	1,1	5,5
Achega demanda externa ao PIB	-0,6	3,1	2,3	1,1	3,6	3,7	4,1	3,9	2,6	-0,9	3,7
Oferta	1,0	1,3	1,4	1,2	0,8	1,2	2,1	1,3	2,0	1,1	1,1
Sector primario											
Industria	-4,6	1,1	1,7	-2,1	1,3	2,3	2,7	3,4	1,2	1,3	0,8
Industria manufactureira	0,1	2,4	1,7	4,3	1,5	1,9	1,9	-2,0	2,6	2,2	4,1
Construción	3,6	3,5	4,2	5,9	1,9	3,7	2,4	0,9	5,5	4,4	6,0
Servizos	2,6	1,6	3,5	0,5	1,5	2,2	2,1	4,2	2,9	3,3	3,7
Comercio, transporte e hostalería	3,3	3,5	3,3	3,3	3,4	3,7	3,5	4,0	3,4	3,2	2,7
Información e comunicacións	6,9	7,4	6,3	7,4	7,2	7,9	7,3	7,8	7,1	5,9	4,6
Actividades financeiras e de seguros	1,4	3,8	5,1	2,9	3,8	5,5	3,1	6,8	4,5	3,9	5,2
Actividades inmobiliarias	-5,9	0,0	0,5	-1,6	-0,3	0,6	1,2	1,0	-0,3	0,7	0,7
Actividades profesionais	0,1	0,2	0,9	-0,6	0,5	0,4	0,6	1,4	0,4	0,9	0,8
Administración pública, sanidade e educación	7,2	4,0	3,9	4,0	4,5	3,9	3,6	4,6	3,4	4,0	3,6
Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	0,8	0,9	1,3	0,4	1,0	1,1	1,0	1,3	0,9	1,5	1,5
	6,3	1,5	0,3	3,5	1,8	0,7	0,2	0,3	0,4	0,4	0,3

Fonte: IGE

A devandita maior contribución da demanda interna no conxunto do Estado explícase tanto polo comportamento do gasto en consumo final como do investimento, que presentan taxas de variación interanual do 2,2% e 5%, respectivamente. Atendendo á desagregación segundo o gasto realizado polas familias e polas Administracións públicas, o cadro macroeconómico reflicte un maior crecemento do gasto público en Galicia que en España (2,1% e 1,6%, respectivamente), aumentando o consumo privado en España un 2,4%, case o dobre que en Galicia (1,3%). Tan só este último indicador medra por riba do rexistrado no conxunto do Estado.

Dende o comezo da recuperación económica mellora o gasto en consumo final, tanto público como privado, e o investimento. Con todo, esta mellora non se produce coa mesma intensidade, de xeito que no ano 2017 tan só o gasto en consumo final das administracións públicas presenta un nivel superior ao rexistrado ao comezo da crise en 2008. Como se aprecia no gráfico seguinte, o investimento foi a partida que experimentou unha maior contracción, cunha caída superior ao 40%, mentres que o consumo das familias redúcese un 8,1% respecto ao nivel de 2008.

PIB real en Galicia e España 2017. Indicadores de demanda. Taxas de variación interanual.



Fonte: IGE

No concernente ao sector exterior, o cadro macroeconómico de Galicia presenta unha ralentización no ritmo de crecemento tanto das exportacións como das importacións. En 2017 as exportacións medraron un 4,8% en relación ao ano anterior, sete décimas menos que en 2016, en tanto que as compras fóra de Galicia o fixeron nun 2,3% (3,1% no ano anterior). Atendendo á súa evolución ao longo dos últimos anos, as exportacións galegas acadan un valor superior ao nivel existente ao comezo da crise (16,4% superior), a diferenza do que acontece no caso das exportacións, cuxo nivel é un 17,5% inferior. No conxunto do Estado tanto as vendas ao exterior como ás compras de terceiros países rexistran un mellor comportamento que en Galicia, medrando as exportacións un 5% e as importacións un 4,7%. Deste xeito, a achega da demanda externa en Galicia é superior á do conxunto do Estado, sendo neste último caso negativa no cuarto trimestre do ano.

Se se consideran tan só as relacións comerciais con terceiros países, o valor total das exportacións galegas, tras unha medra do 8,5%, sitúase en 21.676,3 millóns de euros, o que representa o 7,8% do total estatal (8,3% ao comezo da crise económica). Tras unha medra das importacións do 10,5%, o saldo positivo da balanza comercial galega supera os 4.500 millóns de euros.

O sector do automóbil e as actividades de téxtil e confección seguen a ser os sectores exportadores máis importantes en termos de valor. Dunha banda, en 2017, tras unha medra do 10,7% respecto ao ano anterior, o téxtil vendeu ao exterior produtos por valor de case 6.000 millóns de euros, o que representa o 27,5% das exportacións galegas. Doutra banda, as vendas do sector do automóbil descen-

Evolución dos compoñentes da demanda en Galicia 2000-2017. Base 2010 = 100



Fonte: IGE

deron ata os 3.552 millóns de euros, un 7,7% menos que no ano anterior, concentrando o 16,4% do total galego. Ambas actividades acollen o 43,9% das exportacións galegas fronte ao 50,5% existente no ano 2009. Como se reflicte no gráfico seguinte, ambos sectores presentan una evolución dispar, xa que mentres o peso relativo do sector téxtil presenta unha medra de 11 puntos porcentuais dende o ano 2008, o automóbil descende en case 15 puntos.

Exportacións galegas do sector do automóbil e do téxtil-confección 2008-2017.





(1) A taxa de crecemento anual acumulativa das exportacións entre 2008 e 2017 sitúase para o conxunto de Galicia no 3,6%, fronte ao 9,7% rexistrada polo téxtil-confección. Por contra, as vendas descenden un 3,6% no caso do automóbil.
Fonte: ICEX

No concernente ao saldo da balanza comercial dos distintos sectores, o téxtil e confección mantense como o sector co saldo positivo máis elevado, con 4.137,5 millóns de euros, a diferenza do acontecido polo sector do automóbil, que presenta, ao igual que no dous anos anteriores, un saldo negativo. En 2017 o saldo comercial deficitario do sector do automóbil sitúase en case 1.200 millóns de euros, 2,4 veces superior ao rexistrado no ano anterior.

Ademais desta elevada concentración

Exportacións galegas 2017. Distribución sectorial e xeográfica



Fonte: ICEX

sectorial, cabe insistir na aínda elevada concentración xeográfica. Neste senso, o conxunto dos países da UE-28 representan no último ano o 75,1% das exportacións galegas, dúas décimas inferior á do ano anterior. Francia e Portugal seguen sendo os principais clientes das empresas galegas ao acoller o 18,8% das vendas ao exterior e o 12,6%, respectivamente. No ano 2008, Francia concentraba máis dun terzo das exportacións galegas, fronte ao 15,8% no caso de Portugal. Coma se aprecia no cadro seguinte, os sete países máis importantes onde se dirixen as vendas das empresas galegas son países comunitarios, concentrando o 62,1% do valor total das exportacións (68,3% en 2008).

AGREGADOS DA OFERTA

Dende o punto de vista sectorial, por segundo ano consecutivo todas as ramas da actividade presentan taxas de crecemento interanual positivas. As actividades de comercio, transporte e hostalería son as que presentan o maior crecemento interanual, cun 6,3%. Influenciado pola ralentización das taxas de variación interanual (7,8% no primeiro e 4,6% no último), o veb xerado polo sector servizos presenta un crecemento do 3,3% dúas décimas menos que en 2016.

Por contra, o sector primario, a industria manufactureira e a construción presentan taxas de variación superiores ás do ano anterior. Entre estas actividades, a industria manufactureira é quen presenta o maior crecemento, cunha medra do 4,2%, superando á construción, cun 3,5%, e ao sector primario, cun 1,7%.

Tal e como se reflicte no cadro macroeconómico no 4º trimestre, a industria manufactureira sitúase como o sector de actividade de maior crecemento, cun 6% respecto á mesma data do ano anterior, superando ás actividades de información e comunicación, cun 5,2%, e ás de comercio, transporte e hostalaría, cun 4,6%.

Comparado coas taxas de crecemento no conxunto da economía española, a industria manufactureira e o sector servizos, impulsado polas actividades de comercio, transporte e hostalaría presentan en Galicia un mellor comportamento. O maior diferencial positivo con respecto á media estatal rexístrase nas actividades vinculadas ao comercio (6,3% fronte ao 3,2% en España), mentres que extremo oposto, as actividades profesionais medran un 6,2% en España fronte ao 3,9% na Comunidade Autónoma.

Tras esta evolución, o 26,6% do veb xerado en Galicia corresponden ás actividades de comercio, transporte e hostalería, fronte ao 18,7% das administracións públicas, sanidade e educación, e o 13,9% da industria manufactureira. As actividades profesionais, vinculadas en gran medida ao desenvolvemento da actividade manufactureira, xeran o 5,8% do veb galego. Como se aprecia na figura seguinte, dende o comezo da recuperación en 2014 continúa o incremento do peso relativo do sector servizos (1,3 puntos porcentuais), influenciado especialmente polo comportamento do comercio, transporte e hostalería (2,7 puntos máis que en 2014). A industria manufactureira e as

Produto Interior Bruto en Galicia e España 2017: distribución segundo principais compoñentes da oferta. Taxas de variación interanual



Fonte: IGE e INE

actividades de información e comunicacións, presentan unha importancia relativa lixeiramente superior (tres décimas).

Con todo, se a comparación se fai coa estrutura produtiva existente antes da crise económica, rexístrase unha medra importante das actividades de comercio, transporte e hostalería (22,5% en 2008), producíndose unha forte caída do peso relativo no caso da construción (12,1% en 2008) así como unha redución da industria manufactureira, que supuña case o 16% do veb galego.

Estrutura produtiva de Galicia en 2008, 2014 e 2017 (VEB Galicia = 100)



Fonte: IGE

Produtividade aparente do traballo

A modo de conclusión cómpre facer referencia á evolución da produtividade aparente do factor traballo (PFT), que continúa sendo un dos problemas máis importantes da economía galega. A partir dos datos recollidos nas contas trimestrais, se pode realizar unha aproximación á produtividade a través de dous indicadores complementarios: o cociente entre o PIB e o número de postos de traballo equivalente a tempo completo, e a relación entre o PIB e o número de horas traballadas.

O primeiro elemento que se pode destacar é que ambos os dous indicadores presentan unha evolución positiva no período de tempo considerado, se ben están por baixo da media española. Como se aprecia no gráfico seguinte, se se considera o número de postos de traballo equivalentes a tempo completo, a PFT en Galicia supón en 2017 o 94,7% da produtividade no conxunto do Estado, fronte ao 87,8% do ano 2008 e o 92,1% de 2014. No caso da produtividade por hora traballada, esta porcentaxe é do 88,9% en 2017 fronte ao 82,1% de 2008 (86,1% en 2014).

No último ano, o PIB en termos monetarios (prezos correntes) medrou un 4,1% en Galicia, unha décima máis que no conxunto do Estado, en tanto que o número de postos de traballo medrou un 1,8% e as horas traballadas un 1,2%. Deste xeito a produtividade mellorou un 2,3% no primeiro caso, e un 2,9% se se mide en relación ás horas traballadas (1,2% e 2,3% no Estado, respectivamente).

Como segundo elemento a destacar, cómpre insistir na baixa produtividade da industria manufactureira en comparación co acontecido no conxunto da economía española. Este é un factor preocupante se se ten en conta a importancia do sector industrial na definición dun modelo de crecemento estable a medio e longo prazo. Os dous indicadores seleccionados reflicten que a PFT sitúase por baixo do 80% do valor español dende o comezo da recuperación económica.

No ano 2017 todos os sectores de actividade presentan unha produtividade inferior á media estatal, se ben pódese mencionar que tanto a construción como os servizos presentan unha evolución positiva dende o ano 2014.

Por contra, a PFT descende no caso do sector primario, presentando no último ano unha produtividade inferior á media española tanto se se mide en termos de horas traballadas como de postos de traballo equivalentes a tempo completo.

Produtividade aparente do factor teaballo en Galicia 2008, 2014, 2016 e 2017. (España = 100)



Fonte: Elaboración propia a partir de IGE e INE

Competitividade rexional 2008-2016. Análise comparada

O concepto de competitividade ten evolucionado ao longo dos anos dende a consideración tan só do desenvolvemento da actividade exportadora ata á inclusión dun conxunto heteroxéneo de indicadores que se poden agrupar en tres dimensións e sete eixos competitivos. Tendo en conta estes elementos, o Consello Económico e Social de Murcia e o Consejo General de Economistas presentan un Índice de Competitividade Rexional (ICREG) para as 17 CC.AA. no período 2008 e 2016[1].

O obxectivo deste apartado é, a partir do valor do devandito ICREG, analizar a posición relativa de Galicia en relación ás outras CC.AA. e ver como evolucionou dende o comezo da crise. Ao longo do período analizado, Galicia atópase nunha posición intermedia-baixa en relación ao resto das CC.AA. atendendo ao valor do devandito índice, situándose no posto nove entre os anos 2008 e 2011 e no décimo posto dende o ano 2012.

En liña coa evolución do ciclo da economía galega, o valor do índice acada o seu valor máis baixo no ano 2009, acadándose un segundo pico no ano 2012. A partir dese ano o valor do ICREG aumenta paulatinamente ata o ano 2016 superando nos dous últimos anos o valor previo ao inicia da crise. Comparado co conxunto do Estado, Galicia atópase sempre por baixo da media española, situándose en 2016 no 93,4%, lonxe do 97,5% rexistrado no ano 2008.

Valores absolutos e relativos (España = 100) do Índice de Competitividade Rexional en Galicia 2008-2016



Fonte: Consejo General de Economistas, Consejo Económico y Social de Murcia

1- Índice de Competitividad Regional. Análisis dinámico de la competitividad regional en España en el período 2008-2016. https://www.economistas.es/Contenido/Consejo/Estudios%20y%20trabajos/Publicacion.%20Indice%20de%20Competitividad%20Regional%202017.pdf

Se se analiza a foto fixa existente nos anos 2008, 2013 e 2016, os mapas indican o posicionamento das distintas CC.AA neses anos. Neste senso, cómpre salientar que Galicia permanece sempre dentro do grupo de CC.AA. cun nivel competitivo medio-baixo, ao igual que Asturias, Cantabria, Castela León e A Rioxa. Do mesmo xeito, Madrid permanece sempre nun nivel competitivo considerado como alto, e Andalucía, Estremadura e Castela a Mancha, manteñen un nivel baixo.

No período de crise económica, tan só se rexistra un cambio de pertenza de grupo, ao descender a C. Valenciana ao nivel baixo de competitividade. Por contra, coa recuperación económica prodúcense os maiores cambios na composición de grupos competitivos, de xeito que País Vasco e Navarra ascenden ao nivel alto de competitividade, mentres que Aragón sitúase no medio alto e Canarias, Murcia, C. Valenciana e Baleares, no nivel medio baixo.

Nivel competitivo nas CC.AA. a partir dos valores do ICREG 2008, 2013 e 2016

Nivel competitivo 2008



Nivel competitivo 2013



Nivel competitivo 2016



Fonte: Consejo General de Economistas, Consejo Económico y Social de Murcia

No que á análise da competitividade da economía galega segundo eixos, cómpre salientar que no ano 2008 predominaban os valores medio baixos e baixos, onde tan só os eixos correspondentes ao mercado de traballo e ao entorno institucional, presentaban valores altos. Os peores resultados corresponden ao eixo relativo ao capital humano e ao entorno empresarial. A crise económica traduciuse nun deterioro competitivo, de xeito que en 2013 tan só o entorno institucional mantén un nivel relativo de competitividade alto.

A recuperación económica incide positivamente na competitividade das CC.AA., e no caso galego predomina o nivel competitivo medio-alto ou alto (catro dos sete eixos). Pola contra, o entorno empresarial mantén nos tres anos considerados un nivel baixo, adquirindo nese ultimo ano un nivel competitivo baixo o eixo de infraestruturas básicas.

Dende un punto de vista dinámico, atendendo á posición relativa ao comezo da crise económica en 2008 e a mellora ou empeoramento relativo do índice de competitividade no período 2008 -2016, Galicia atoparíase, xunto a Estremadura e Castela A Mancha nunha situación de diverxencia, ao presentar un ICREG inferior á media en 2008 e unha taxa de variación do índice tamén inferior á media. Tal e como indica o Informe do CES e do Consejo de Economistas, do cadro seguinte dedúcese que como regra xeral as CC.AA. que parten dunha menor posición competitiva rexistran unha mellora superior á das que inicialmente acadaban unha mellor posición. Asemade, maioritariamente as rexións tenden cara unha posición competitiva relativa máis similar.

Nivel competitivo de Galicia 2008, 2013 e 2016. Distribución segundo eixos

	2008	2013	2016
Eixo 1.- Entorno económico	MEDIO BAIXO	MEDIO BAIXO	MEDIO ALTO
Eixo 2.- Capital humano	BAIXO	MEDIO BAIXO	MEDIO BAIXO
Eixo 3.- Mercado de traballo	ALTO	MEDIO BAIXO	MEDIO ALTO
Eixo 4.- Entorno institucional	ALTO	ALTO	ALTO
Eixo 5.- Infraestruturas básicas	MEDIO BAIXO	MEDIO BAIXO	BAIXO
Eixo 6.- Entorno empresarial	BAIXO	BAIXO	BAIXO
Eixo 7.- Innovación	MEDIO BAIXO	MEDIO BAIXO	MEDIO ALTO

Fonte: Consejo General de Economistas, Consejo Económico y Social de Murcia

Clasificacións das rexións competitivas segundo dinámica da súa posición competitiva

	TV 08-16 do ICREG superior á media		TV 08-16 do ICREG inferior á media	
ICREG 2008 superior media			Asturias Madrid	Navarra A Rioxa
	Aragón Cataluña	País Vasco		
ICREG 2008 inferior media	Andalucía Baleares Canarias	Cantabria Castela e León C. Valenciana	Murcia	
			Estremadura Galicia Castela A Mancha	

Fonte: Consejo General de Economistas, Consejo Económico y Social de Murcia

No conxunto do período analizado, todas as CC.AA. presentan melloras no seu ICREG agás Estremadura, que presenta un empeoramento da súa competitividade. As maiores ganancias de competitividade (maiores do 3%) rexístranse en Andalucía e Baleares, en tanto que as máis reducidas (inferiores ao 1%) concéntranse en Asturias, Galicia, Madrid e A Rioxa.

Con todo, é importante destacar o comportamento dispar nas dúas fases económicas reflectidas: crise económica (2008-2013) e posterior recuperación (2013-2016). Dunha banda, ao longo da crise económica Estremadura, Madrid, Galicia, Castela A Mancha e C. Valenciana presentan as maiores perdas de competitividade, con caídas superiores ao 2% (Estremadura -5,5%). No extremo oposto, Baleares e Aragón presentan unha mellora no seu ICREG en tanto que o País Vasco e Cantabria rexistran un leve deterioro.

Co inicio da recuperación económica, Galicia, ao igual que Castela e León, Castela A Mancha, Estremadura, C. Valenciana, Canarias e Baleares presentan unha apreciable mellora da súa competitividade (superior á media), en tanto que Andalucía experimenta un crecemento medio superior ao 8%.

Atendendo á achega dos eixos de competitividade á taxa de variación do índice de competitividade en Galicia, o cadro seguinte amosa que a mellora do ICREG ven explicada pola contribución positiva de catro dos sete eixos competitivos: o entorno económico, o capital humano, o entorno empresarial e a innovación. Pola contra, o mercado de traballo, o entorno institucional e as infraestruturas presentan un comportamento adverso. Cómpre destacar que na fase de recuperación económica ningún eixo presenta achegas negativas ao incremento do índice de competitividade.

Evolución do Índice de competitividade Rexional 2008-2016

Evolución do ICREG 2008-2016



Evolución do ICREG 2008-2013



Evolución do ICREG 2013-2016



Fonte: Consejo General de Economistas, Consejo Económico y Social de Murcia

Achega dos eixos á variación do Índice de Competitividade Rexional en Galicia

	2008-2013	2013-2016	2008-2016
Eixo 1.- Entorno económico	Achega negativa	Achega positiva	Achega positiva
Eixo 2.- Capital humano	Achega positiva	Non significativa	Achega positiva
Eixo 3.- Mercado de traballo	Achega negativa	Achega positiva	Achega negativa
Eixo 4.- Entorno institucional	Non significativa	Non significativa	Achega negativa
Eixo 5.- Infraestruturas básicas	Achega negativa	Non significativa	Achega negativa
Eixo 6.- Entorno empresarial	Achega positiva	Achega positiva	Achega positiva
Eixo 7.- Innovación	Achega positiva	Achega positiva	Achega positiva
ICREG	Achega negativa	Achega positiva	Achega positiva

Fonte: Consejo General de Economistas, Consejo Económico y Social de Murcia

2. Mercado de traballo

As grandes cifras do mercado de traballo galego indican que por terceiro ano consecutivo Galicia presenta tanto un incremento da ocupación como unha redución do desemprego. Entre os principais aspectos positivos, especialmente significativo volve a ser o descenso do paro de longa duración. No eido da ocupación cómpre resaltar a medra estimada nas actividades da industria manufactureira, que se sitúa como o sector con maior incremento en termos absolutos por diante do comercio e do sector agrario. Asemade, a taxa de paro descende ata o 15,7%, a porcentaxe máis baixa dende o ano 2010 (15,3%).

Por contra, a pesar das taxas de crecemento da actividade produtiva superiores ao 3% estimadas en Galicia dende o ano 2015, persisten importantes debilidades no mercado laboral galego. Entre estas pódense resaltar a continua caída da poboación activa, especialmente acusada no caso da poboación de 25 a 34 anos, o incremento da taxa de temporalidade ou que en relación á evolución experimentada polo conxunto do Estado, Galicia presenta unha mellora da ocupación e o desemprego significativamente inferior. Asemade, a Comunidade Autónoma sitúase entre as CC.AA. coas taxas de actividade e ocupación máis reducidas de España.

Poboación activa

O mantemento do crecemento da economía galega por riba do 3% non só non foi quen de frear a caída da poboación activa galega senón que esta redución é superior á experimentada en 2016. En termos absolutos, a poboación activa galega redúcese no último ano en case oito mil persoas para situarse en 1.248.300 persoas, en tanto que en termos porcentuais, o descenso foi dun 0,6% dúas décimas superior ao estimado no conxunto do Estado. Como se ven indicando nos distintos informes de conxuntura ao longo dos últimos anos, é necesario insistir na gravidade da caída da poboación activa con idades comprendidas entre 25 e 34 anos, así como na necesidade de medidas específicas para reverter esta situación. Dende o ano 2008 Galicia presenta un descenso continuado da poboación activa galega pertencente a esta franxa de idade, sendo o descenso medio anual acumulativo do 4,8% (6% dende o comezo

Principais datos do mercado de traballo en Galicia 2013-2017

Miles de persoas	2013	2014	2015	2016	2017	2017 I	2017 II	2017 III	2017 IV	2016 / 2017 milles persoas	2016 / 2017 %
Poboación maior de 16 anos	2.382,3	2.368,6	2.358,2	2.341,9	2.341,9	2.343,9	2.339,9	2.339,9	2.336,3	-0,3	-0,3
Poboación activa	1.290,9	1.273,9	1.260,7	1.248,3	1.248,3	1.250,3	1.254,2	1.254,2	1.237,9	-0,6	-0,6
25 - 34 anos	307,3	288,6	272,5	240,0	240,0	242,9	239,2	239,2	236,5	-6,4	-6,4
Poboación ocupada	1.006,4	998,0	1.017,2	1.052,7	1.052,7	1.048,9	1.072,5	1.072,5	1.055,8	1,2	1,2
Conta propia	231,1	218,4	216,7	225,0	225,0	227,2	224,2	224,2	216,4	1,3	1,3
Conta allea	775,3	779,5	800,2	827,3	827,3	821,3	847,9	847,9	838,9	1,1	1,1
Outra situación	0,0	0,2	0,3	0,4	0,4	0,3	0,4	0,4	0,5	-37,5	-37,5
Poboación parada	284,6	275,8	243,4	195,6	195,6	201,5	181,7	181,7	182,1	-9,2	-9,2
Parado longa duración	143,6	147,3	133,2	98,1	98,1	103,2	95,7	95,7	86,5	-12,1	-12,1
Poboación inactiva	1.091,4	1.094,7	1.097,5	1.093,6	1.093,6	1.093,6	1.085,6	1.085,6	1.098,4	0,0	0,0
Taxa de actividade	54,2%	53,8%	53,5%	53,3%	53,3%	53,3%	53,6%	53,6%	53,0%		
Taxa de ocupación	42,2%	42,1%	43,1%	45,0%	45,0%	44,8%	45,8%	45,8%	45,2%		
Taxa de paro	22,0%	21,7%	19,3%	15,7%	15,7%	16,1%	14,5%	14,5%	14,7%		
Taxa de temporalidade	22,8%	23,5%	25,4%	27,0%	27,0%	27,2%	28,1%	28,1%	26,8%		
Afiliacións (media trimestral)	913,8	918,8	937,4	973,8	973,8	970,0	991,3	991,3	981,5	2,1	2,1
Paro rexistrado (media trimestral)	276,0	257,0	233,4	194,4	194,4	198,0	182,4	182,4	186,0	-8,5	-8,5

Fonte: INE

Evolución da poboación activa e taxa de actividade en Galicia 2008-2017



(1) A taxa de actividade está expresada en termos de porcentaxe, e a poboación activa exprésase en miles de persoas.

da recuperación económica). No ano 2017 Galicia conta con 240.000 persoas activas de 25 a 34 anos, o que representa o 5,1% do total estatal, a porcentaxe máis reducida dende o comezo da crise.

A taxa de actividade, que relaciona a poboación activa coa poboación maior de 16 anos, continúa o seu descenso, situándose no 2017 en Galicia no 53,3%, dúas décimas menos que no ano anterior. Como se aprecia no cadro seguinte, esta porcentaxe segue sendo sensiblemente inferior é estimada no conxunto do mercado laboral español, que presenta unha taxa do 58,8%, situándose Galicia como a segunda comunidade autónoma coa taxa de actividade máis reducida tras Asturias (50,9%).

Taxas de actividade, ocupación, paro e temporalidade 2017

	Galicia	España	Mellores CC.AA.	Mellores CC.AA.
Taxa de Actividade	53,3%	58,8%	Baleares (64,1%) Madrid (62,9%) Cataluña (61,7%) Canarias (60,3%)	Baleares (64,1%) Madrid (62,9%) Cataluña (61,7%) Canarias (60,3%)
Taxa de ocupación	45,0%	48,7%	Baleares (56,1%) Madrid (54,5%) Cataluña (53,5%) Navarra (53,1%)	Baleares (56,1%) Madrid (54,5%) Cataluña (53,5%) Navarra (53,1%)
Taxa de paro	15,7%	17,2%	Navarra (10,2%) País Vasco (11,3%) Aragón (11,6%) A Rioxa (12,0%)	Navarra (10,2%) País Vasco (11,3%) Aragón (11,6%) A Rioxa (12,0%)
Taxa de temporalidade	27,0%	26,7%	Madrid (18,9%) Cataluña (21,6%) Navarra (23,0%) Cantabria 24,5%) País Vasco (24,5%)	Madrid (18,9%) Cataluña (21,6%) Navarra (23,0%) Cantabria 24,5%) País Vasco (24,5%)

Ocupación

Os tres indicadores de emprego considerados (Seguridade Social, EPA e postos de traballo a tempo completo) presentan por terceiro ano consecutivo taxas de crecemento interanuais positivas ao tempo que se reduce tanto o paro rexistrado nas oficinas de emprego como o estimado na EPA. A poboación ocupada estimada pola EPA para o ano 2017 presenta unha medra interanual do 1,2% (12.100 ocupados máis), sendo este incremento do 2,1% no caso do número de afiliacións rexistradas (20.000 afiliacións máis) e do 1,8% no das contas económicas (17.677 postos de traballo equivalente a tempo completo).

Esta evolución en principio positiva non o é tanto se se compara coas taxas de crecemento estimadas pola EPA no ano anterior ou coa evolución seguida no conxunto do Estado. Dunha banda, a diferencia do acontecido no cada das afiliacións á Seguridade Social, a poboación ocupada presenta unha ralentización no seu ritmo de crecemento (2,3% no ano anterior). Doutra banda, Galicia segue presentando unha medra inferior á media estatal nos tres indicadores mencionados: a poboación ocupada aumenta un 2,6%, o número de postos de traballo equivalentes a tempo completo presentan unha taxa de variación interanual do 2,8%, situándose esta porcentaxe no 3,5% no caso das afiliacións.

Ocupación e desemprego en Galicia 2013-2017. Taxas de variación interanuais



Fonte: Elaboración propia a partir de IGE e INE

Tras o devandito incremento superior ás 20.000 afiliacións, o número de afiliacións no ano 2017 sitúase en 973.812. Ao igual que no ano anterior, este incremento rexístrase basicamente nas afiliacións ao réxime xeral, aumentando moi lixeiramente no caso dos réximes agrario e especial do mar. No extremo oposto, por segundo ano

consecutivo tras a saída da crise económica descende o número de autónomos. Cómpre destacar que tanto o incremento das afiliacións no réxime xeral como o descenso no caso dos autónomos son superiores aos rexistrados no ano anterior. Tras esta evolución, o número de afiliacións ao réxime xeral ascende a 705.485, o 75,8% do total, e o de autónomos a 214.455 afiliacións, o 22% do total no ano 2017.

No que se refire á análise da poboación ocupada, Galicia conta con 1.052.700 ocupados, 12.100 persoas máis que no ano anterior, situándose a taxa de ocupación (relación entre a poboación ocupada e a poboación maior de 16 anos), no 45%, 3,7 puntos por baixo da media estatal. Comparado co resto das CC.AA., Galicia presenta unha taxa tan só superior á estimada para Estremadura, Andalucía e Asturias. Atendendo á desagregación segundo sexos, cómpre destacar que a devandita ralentización no crecemento da ocupación prodúcese tanto no caso dos homes como das mulleres. Ao igual que acontecía no ano anterior, a ocupación feminina en Galicia aumenta en maior media que a ocupación masculina (2% e 0,4%, respectivamente). O mercado laboral no conxunto do Estado presenta un mellor comportamento tanto no caso dos homes como das mulleres, medrando en maior medida a ocupación masculina (2,7% en relación ao ano anterior) que a feminina (2,6%).

No concernente á distribución sectorial da ocupación, cómpre destacar o positivo comportamento do emprego da industria manufactureira, cunha medra de 7.400 persoas, así como das actividades de comercio, con 6.900 ocupados máis, e das actividades de hostalaría e sector agrario, con máis de 6.200 ocupados máis que no

Poboación ocupada e parada en Galicia 2008-2017



Fonte: IGE

Evolución da poboación ocupada en Galicia 2015-2017: distribución segundo ramas de actividade. Variación interanual (miles de persoas).



Fonte: INE

ano anterior. Pola contra, a devandita ralentización da ocupación en Galicia explícase polas maiores caídas estimadas na construción e na educación, con 5.200 e 4.200 empregados menos, así como o descenso experimentado no último ano nas actividades de transporte e na pesca e acuicultura (3.000 e 3.400 empregados menos). O conxunto do sector servizos presenta unha acusada ralentización ao estimarse en 2017 unha medra interanual de tan só 4.200 persoas fronte ás 15.300 máis estimadas no ano anterior.

Tras esta evolución, o sector servizos acolle o 70,3% dos ocupados galegos (739.800 persoas), fronte ao 14,7% do subsector da industria manufactureira (154.600 persoas), o 7,1% do sector primario (75.200 persoas) e o 6,3% da construción (66.600). Comparado coa composición sectorial no conxunto de España, salienta o maior peso relativo tanto do sector primario (4,4% en España) como da industria manufactureira (12,7% en España), mentres que o sector servizos representa no Estado o 75,6%.

Como se aprecia no gráfico seguinte, a crise económica trouxo consigo unha forte caída do peso relativo do emprego no sector da construción e da industria manufactureira (4,5 e 2,1 puntos porcentuais menos entre 2008 e 2014), aumentando o emprego no sector servizos, especialmente no caso da "Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria; educación; actividades sanitarias e servizos sociais" e do "Comercio, transporte e almacenamento; hostalería", con 3,6 e 1,8 puntos máis respectivamente. Por contra, a recuperación económica presenta cambios pouco significativos neste senso, aumentando seis décimas o a importancia relativa da industria manufactureira e en medio punto no sector primario.

Composición relativa da ocupación en Galicia 2008-2014-2017: distribución segundo sectores



No que atinxe á situación profesional dos ocupados, en 2017 prodúcese unha medra tanto do emprego por conta propia como por conta allea. En termos relativos, este incremento é novamente máis acusado no caso dos traballadores por conta propia (1,3% e 1,1%, respectivamente). En termos absolutos, o número de traballadores por conta propia medra en 2.800 persoas para situarse nos 225.000 ocupados. Esta evolución explícase polo incremento experimentado polos empresarios con asalariados e as axudas na empresa ou negocio familiar (2.700 e 1.200 ocupados máis, respectivamente), que compensa a redución de empresarios sen asalariados e membros de cooperativas (1.100 e 300 persoas menos). No caso do emprego por conta allea, o incremento do número de asalariados en 9.400 persoas (827.300 asalariados no último ano) ven explicado polo comportamento do sector privado que, tras unha medra de 10.500 persoas, acolle a 645.600 traballadores.

Comparado co acontecido no conxunto do Estado, Galicia presenta unha mellor evolución da poboación ocupada por conta propia, xa que fronte ao incremento estimado en Galicia descende un 0,1% de media en España. Este feito está influenciado, en gran medida, pola maior caída en España no caso dos empresarios sen asalariados ou traballadores independentes (-2,4% en España e -0,7% en Galicia). Por contra, o menor crecemento do emprego asalariado prodúcese tanto pola menor medra do emprego no sector privado como polo descenso dos asalariados no sector público en Galicia (aumenta no conxunto do Estado).

Tras a devandita evolución, o 78,6% dos ocupados galegos son por conta allea (61,3% asalariados sector privado e 17,3% sector público) e o 21,4% restante, por conta propia. Comparado co estrutura da ocupación no conxunto do Estado, cómpre destacar como principais diferenzas, o maior peso relativo dos traballadores por conta propia, tanto daqueles que teñen asalariados ao seu cargo (6,4% en Galicia fronte ao 5,1% en España) como dos empresarios sen asalariados ou traballadores independentes (14,2% fronte a 10,8%). Doutra banda, entre os asalariados o peso relativo do sector público é superior á media española (17,3% fronte a 16,1% en España), a diferenza do acontecido no caso do sector privado (61,3% fronte a 67,4%).

Ao longo da recuperación económica non se aprecian grandes cambios no que a distribución entre traballadores por conta propia e conta allea. Como se reflicte no gráfico seguinte, os cambios danse na importancia relativa dos asalariados no sector público e privado, aumentando este último en 1,5 puntos porcentuais e reducíndose nun punto no caso dos asalariados no sector público.

Atendendo á calidade de emprego creado no último ano, o número de asalariados con contratos temporais aumentan en maior medida que o daqueles con contratos indefinidos. Tras unha medra de 8.900 persoas en relación ao ano anterior (4,2%), Galicia conta cun total de 223.300 asalariados temporais, o que representa o 27,0% dos asalariados, a porcentaxe máis elevada dende o ano 2008 cando a taxa de temporalidade situábase no 30,4%. O número de asalariados con contratos indefinidos ascende a 604.000 persoas, 700 máis que no ano 2016 (0,1%).

Poboación ocupada en Galicia 2008-2014-2017: distribución porcentual segundo situación porcentual



Fonte: INE

Evolución da taxa de temporalidade en Galicia 2006-2017





Fonte: IGE

Desemprego

No que atinxe ao desemprego, Galicia presenta en 2017 unha certa ralentización no ritmo de redución do paro, ao rexistrarse unha caída da poboación parada rexistrada nas oficinas de emprego do 8,5% (-8,9% no ano anterior) e do 9,2% no caso do paro estimado pola EPA (-11,2% no ano anterior). Tras esta evolución, o número de persoas paradas estimadas na EPA sitúase no último ano nas 195.600 persoas, descendendo por primeira vez dende o ano 2010 dos 200.000 desempregados, e as rexistradas nas oficinas de emprego en 194.400 persoas. En termos relativos, este descenso é inferior ao estimado no conxunto do Estado, onde se reduce un 12,6%, estimándose un descenso inferior ao galego tan só en dúas CC.AA.: Estremadura (-5,9%) e Murcia (-7,7%).

A devandita mellora da ocupación, unido ao retroceso da poboación activa é o que xustifica esta mellora do desemprego, descendendo a taxa de desemprego ata o 15,7%, punto e medio menor que no conxunto do Estado. En relación ao resto da CC.AA. a taxa de paro galega sitúase nunha posición intermedia, superando a taxa de paro o 25% en Andalucía e Estremadura, mentres que en Navarra esta taxa é do 10,2%. A diferenza do acontecido no ano anterior, o descenso da taxa de paro é superior no caso dos homes que no das mulleres, situándose a taxa de paro feminina no 16,4% e a masculina no 15,0%. Asemade, cómpre resaltar a acusada redución da taxa de desemprego dos menores de 25 anos, que se sitúa no 34,5%, case seis puntos menos que no ano anterior, a porcentaxe máis baixa dende o ano 2010.

Ao longo do período 2008-2013, dado que a crise afectou en grande media aos sectores da construción e da industria, sectores altamente masculinizados, descende o peso relativo do desemprego feminino. Os datos da Enquisa de poboación activa reflicten que esta porcentaxe descende dende o 53% de 2008 ao 46,4% en 2013. Por contra, a recupera-

Taxa de paro en Galicia 2010-2017

	Total	Homes	Mulleres	Longa duración	Menores 25 anos
2010	15,3	14,6	16,2	5,5	35,4
2011	17,3	16,6	18,1	7,1	37,7
2012	20,5	20,8	20,2	9,2	45,2
2013	22,0	22,3	21,7	11,1	49,9
2014	21,7	21,6	21,7	11,6	48,5
2015	19,3	18,7	20,0	10,6	43,5
2016	17,1	16,5	17,8	8,9	40,3
2017	15,7	15,0	16,4	7,9	34,5

Fonte: IGE

ción económica trae consigo un incremento da brecha no desemprego, representando o paro feminino o 50,3% no ano 2017. A pesar de que os datos do paro rexistrado amosan unha tendencia similar, o peso do número de mulleres en situación de desemprego é significativamente superior ao indicado pola EPA, de xeito que o desemprego feminino representaba o 60,2% no ano 2008 fronte ao 51,2% de 2013 e o 56,1% do último ano (1409.048 mulleres).

Entre os aspectos máis positivos da evolución do mercado de traballo cómpre salientar novamente a importante redución do paro de longa duración. En 2017 atopábanse nesta situación un total de 98.100 persoas, o que supón un descenso de 13.500 persoas en relación ao anterior (12,1%). A pesar desta caída, este segue a ser un dos principais problemas do mercado de traballo galego xa que máis da metade dos parados galegos son parados de longa duración (o 50,2%).

Peso relativo do desemprego feminino en Galicia 2006-2017



Fonte: IGE e INE

Evolución do desemprego e do paro de longa duración 2009-2017



Fonte: IGE

A diferenza do acontecido no ano anterior, o devandito descenso do paro de longa duración prodúcese nos diferentes grupos de idade agás entre as persoas maiores de 55 anos, agravando por tanto a situación das persoas de maior idade que ademais son aquelas cuxa empregabilidade é máis difícil. En 2017, o paro de longa duración nas persoas maiores de 55 anos aumenta en 1.800 persoas en relación ao ano anterior, rachando a tendencia descendente dos últimos dous anos. Por outra banda, o descenso máis acusado en termos absolutos prodúcese novamente entre as persoas de 25 a 34 anos, con 5.700 persoas paradas menos (26,5%). Asemade, cómpre mencionar o positivo descenso do número de parados entre 35 e 44 anos que levan máis dun ano en situación de desemprego, con 4.000 parados menos (12,4% menos), así como o estimado para as persoas cunha idade comprendida entre 35 e 44 anos, cunha redución de 3.200 persoas (10,5%).

Variación interanual do paro de longa duración en Galicia 2014-2017. Miles de persoas



Fonte: IGE

Evolución do número de vivendas galegas con todos os activos en situación de desemprego 2009-2007



Fonte: IGE

Xunto a esta positiva caída do paro de longa duración cómpre destacar a tendencia descendente do número de fogares galgos con todos os seus activos en situación de desemprego, situándose en 2017 en 67.500 vivendas, cifra similar á estimada para 2011. Dende o comezo da recuperación económica, estes fogares reducíronse en 26.900 vivendas, o que supón unha taxa de variación media anual acumulativa do 8%.

II- COMENTARIO

A DIMENSIÓN DO TECIDO EMPRESARIAL GALEGO. ESPECIAL REFERENCIA AO SECTOR MANUFACTUREIRO

JOSÉ FRANCISCO ARMESTO

Ao longo dos últimos tres anos a economía galega presenta un bo comportamento dende o punto de vista macroeconómico, presentando taxas de crecemento superiores ou iguais ao 3%, crecementos da ocupación e redución do desemprego ao mesmo tempo, especialmente significativo no caso do paro de longa duración, acadando récords históricos do valor das exportacións… Con todo, persisten sombras importantes como a caída da poboación activa, as taxas de temporalidade, evolución do peso relativo da remuneración de asalariados no PIB, a estrutura produtiva galega, cun reducido peso relativo da industria manufactureira, o minifundismo empresarial, que redunda na baixa produtividade relativa, especialmente no sector manufactureiro, ou no reducido gasto en I+D privado, entre outras debilidades.

Segundo os datos do Índice de Competitividade Rexional calculado no estudio realizado polo CES de Murcia e o Consejo de Economistas, Galicia presenta, ao igual que Castela e León e Estremadura, un nivel competitivo cualificado como baixo no que se refire ao eixo do entorno empresarial tanto no inicio e final da crise económica (2008 e 2013) como no ano 2016, último ano do informe.

Tendo en conta todos estes motivos, o obxectivo deste capítulo é realizar unha primeira aproximación á evolución do número de empresas activas en Galicia, facendo especial fincapé á súa dimensión. Asemade, dada a importancia do sector da industria manufactureira para un crecemento sostido e inclusivo a medio e longo prazo, faise un apartado específico ás empresas de manufacturas.

Con este obxectivo, o comentario contén tres partes diferenciadas. En primeiro lugar, analízase a evolución do número total de empresas activas a un de xaneiro así como a súa comparación co Estado e a UE-28. O segundo apartado céntrase de xeito específico nas empresas manufactureiras, e finalmente, considéranse os aspectos financeiros das empresas segundo a mostra homoxénea analizada por ardán para o período 2013-2015.

1. EMPRESAS ACTIVAS

O número de empresas activas en Galicia a un de xaneiro 2017 ascende a 198.923 sociedades, o que representa o 6,1% do total estatal. Comparado cos datos rexistrados na mesma data de 2008, a Comunidade conta con 4.451 empresas menos, o que supón un descenso do 2,2%.

Este redución sitúa a Galicia entre as CC.AA. con menor redución de empresas entre os dous estremos da serie, presentando tan só un mellor comportamento Madrid e Navarra, que xa recuperaron o número de empresas anterior á crise (1,3% e 0,6% máis), e Baleares e Canarias, cunha caída do 0,3% e 1,3% respectivamente. No conxunto do Estado o número de empresas activas o un de xaneiro de 2017 é un 4,1% inferior ao de 2008.

Á hora de analizar á devandita evolución entre 2008 e 2017, hai que distinguir o acontecido no período de crise e a posterior fase de recuperación económica. A crise económica supuxo unha caída xeralizada do número de empresas activas nas distintas CC.AA., sendo Galicia a segunda Comunidade co menor impacto negativo en termos relativos tras Madrid e Navarra. Dende o un de xaneiro de 2008 ata xaneiro de 2014, as empresas activas reducíronse en Galicia un 5,7% (11,629 empresas menos), sendo este descenso do 5,2% en Navarra e do 4,8% en Madrid. En España, esta caída foi do 8,9%.

Por contra, coa recuperación económica o incremento do número de empresas tan só é superior ao experimentado en Castela e León (1,2%), Castela A Mancha, Asturias e Aragón (con case un 3%), ademais do País Vasco, que presenta unha caída do 5,1% (medra un 4,8% no Estado).

Evolución do número de empresas activas a un de xaneiro 2008-2017



Fonte: INE

Evolución do número de empresas activas 2008-2017. (Base 2008 = 100)



Fonte: INE

• Características empresariais segundo o seu tamaño

Os datos do Directorio Central de Empresas pon de manifesto o elevado minifundismo do sector empresarial galego e español. A un de xaneiro de 2017 o 54,4% das empresas (108.134 sociedades) non tiña asalariados, e case un 30% tiñan tan só un ou dous asalariados (58.247 empresas). Neste último ano o 83,6% das empresas galegas tiñan dous ou menos traballadores, sendo esta porcentaxe do 82,8%.

Coma se desprende do gráfico seguinte, entre os anos 2008 e 2017 aumenta o peso relativo das empresas sen asalariados tanto en Galicia como no Estado, descendendo nas outras categorías sinaladas. Sen embargo, cómpre mencionar que o incremento rexistrado no caso das empresas sen asalariados é superior na economía galega, en tanto que o descenso é superior no caso das empresas con menos de dez asalariados.

Atendendo á clasificación das empresas segundo microempresas (menos de dez traballadores), pequenas empresas (de dez a 49 empresas), medianas empresas (50-249 asalariados) e grandes empresas (máis de 250 asalariados), cómpre resaltar o elevado peso relativo das microempresas en Galicia en comparación coa media comunitaria ou países como Alemaña ou Dinamarca. Segundo os datos de Eurostat, no ano 2015 (último dato dispoñible),

Distribución das empresas galegas e españolas segundo tamaño 2008 e 2017 (Total empresas = 100)



Fonte: INE

92,8% teñen a categoría de microempresas, sendo esta porcentaxe sensiblemente máis reducida en Alemaña, cun 82,4%, ou Dinamarca, cun 88,9%. Os datos do INE indican que esta porcentaxe situaríase en Galicia no 96,4%, 1,6 puntos por riba da media estatal.

O peso relativo das pequenas empresas ascende en Alemaña ata o 14,7%, fronte ao 9% de Dinamarca o 7,2% de Finlandia (6% na UE-28). Se a comparación se fai entre Galicia e as CC.AA. españolas, cómpre salientar que fronte ao 3,1% da media galega, en Navarra, País Vasco e Cataluña esta porcentaxe sitúase en torno ao 5%, sendo a media estatal do 4,5%.

Clasificación das empresas segundo tamaño 2015. (Total empresas = 100)



Fonte: Eurostat, IGE, Idescat, IEN e Eustat

Atendendo á súa evolución dende o comezo da crise económica, entre xaneiro de 2008 e 2014, a caída do número de microempresas é superior en Galicia que no Estado (4,1% fronte ao 1,3% en España), o que explica o lixeiro incremento do peso relativo no total estatal. A 1 de xaneiro de 2014, Galicia contaba con 184.821 empresas con menos de dez asalariados, case oito mil menos que en 2008, o que representa o 6,2% do total estatal. No caso das pequenas empresas, fronte á medra experimentada no conxunto do Estado (8,5%), en Galicia estas empresas descende máis dun 35% (3.311 empresas menos), acadando as 5.892 empresas, o 5,4% pequenas empresas en España.

Co inicio da recuperación económica, o incremento de ambas categorías de empresas é inferior en Galicia que en España. A un de xaneiro de 2017, o número de microempresas ascende en Galicia a 191.568, un 3,7% máis que en 2014 (4% no conxunto do Estado), e o das pequenas empresas a 6.229, un 5,7% máis que en xaneiro de 2014 (31,4% en España).

Evolución do número de microempresas e pequenas empresas activas a un de xaneiro 2008-2017



Fonte: INE

2. Empresas manufactureiras

Se se considera de maneira específica as empresas do sector da industria manufactureira, pola súa capacidade de xeración de riqueza e emprego a medio e longo prazo e por ser este a base dun crecemento sostido e inclusivo, os datos recollidos na gráfica seguinte amosan en primeiro lugar o descenso continuado do número de empresas activas ata xaneiro de 2016, aumentando lixeiramente no último ano analizado. A un de xaneiro de 2017, Galicia conta con 11.449 empresas manufactureiras activas, o que supón unha caída do 20% (2.859 empresas menos). Con todo, este descen-

so é inferior ao estimado no conxunto do Estado, aumentando o peso relativo dende o 6,2% ata o 6,6% de xaneiro de 2017.

Comparado coa evolución seguida polo resto das Comunidades autónomas, o descenso do número de empresas manufactureiros prodúcese, con carácter xeral, de xeito continuado ata xaneiro de 2016, aumentando no último ano analizado. Asemade, cómpre destacar que esta caída en Galicia non só é inferior á do conxunto do Estado, senón que tamén é menor que en CC.AA. como País Vasco, Madrid ou Cataluña.

Evolución do número de empresas manufactureiras activas a un de xaneiro 2008-2017



Fonte: INE

Evolución do número de empresas manufactureiras activas 2008-2017. (Base 2008 = 100)



Fonte: INE

Atendendo aos datos correspondentes a xaneiro de 2016 por seren os últimos dos que se dispón de datos para as catro CC.AA. consideradas, o gráfico seguinte amosa un maior diferencial de Galicia respecto as outras tres CC.AA. en comparación co conxunto do tecido empresarial. Na devandita data, o 87,1% das empresas manufactureiras teñen menos de dez asalariados, sendo esta porcentaxe do 75,7% no caso do País vasco, e lixeiramente superior ao 80% en Navarra ou Cataluña.

No caso das pequenas empresas, Galicia tamén se sitúa como a de menor peso relativo entre as catro CC.AA. consideradas, ao representar o 10,3% das empresas galegas manufactureiras, cando no País Vasco é do 19,3% e en Navarra e Cataluña supera o 14%. Deste xeito, tan só o 2,5% das empresas manufactureiras poden considerarse como medianas ou grandes empresas, a metade do que acontece en Navarra ou País Vasco (5%).

Clasificación das empresas manufactureiras atendendo ao seu tamaño 2016 (Total empresas = 100)



Fonte: IGE, Idescat, IEN e Eustat

Comparado coa situación empresarial no conxunto de España e na Unión Europea, o gráfico seguinte amosa que na UE-28 as microempresas representan o 82,7% do tecido manufactureiro, e o 13,2% son pequenas empresas, mentres que en España, estas porcentaxe son do 83,7% e 13,3%, respectivamente. Esta situación dista bastante de países como Alemaña, onde tan só o 64,1% teñen a consideración de microempresa, e un 25,8% son pequenas empresas (10-49 asalariados), ou Dinamarca, onde representan o 70,9% e 21,2%, respectivamente. Deste xeito, o 10,1% das empresas alamanas considéranse medianas ou grandes, porcentaxe moi superior ao da media estatal e comunitaria (3% e 4,2%, respectivamente).

Distribución das empresas manufactureiras segundo tamaño 2015. (Total empresas = 100)



Fonte: Eurostat

Tanto o número de microempresas como de pequenas empresas redúcese de xeito continuado ata xaneiro de 2016, aumentando lixeiramente ao longo do ano 2016. Tendo en conta a menor caída das microempresas, o seu peso relativo no conxunto do Estado aumenta ata o 6,8% dos tres últimos anos. A un de xaneiro de 2017, as empresas manufactureiras activas en Galicia con menos de 10 asalariados sitúase en 9.674 empresas, case 1.900 menos que en 2008. Se se diferencia entre a crise económica e os anos da recuperación, entre xaneiro de 2008 e 2014, o número de microempresas activas redúcese un 14,6% (1.691 empresas menos), 5,3 puntos porcentuais menos que no conxunto do Estado. Esta menor redución preséntase tamén no caso das pequenas empresas, cunha caída do 2% (196 empresas menos) fronte ao 2,8% en España.

Se se considera a evolución das pequenas empresas, a caída rexistrada no período de crise é similar en Galicia como no Estado (38% menos), mentres que coa recuperación económica as pequenas empresas aumentan un 6,4% no Estado a diferenza do que acontece en Galicia, que presenta unha redución do 0,9% (12 empresas manufactureiras menos). A un de xaneiro de 2017, Galicia conta con 1.283 pequenas empresas manufactureiras, 809 empresas menos que en 2008, o que representa o 5,8% do total estatal.

Evolución do número de microempresas e pequenas empresas manufactureiras activas a un de xaneiro 2008-2017



Fonte: INE

3. Indicadores financeiros da industria manufactureira

Neste partido analízanse os principais indicadores financeiros das empresas industriais manufactureiras partir dos datos da mostra homoxénea das empresas analizadas por ardán para o período 2013-2015. O sector manufactureiro considerado na súa mostra está formado por un total 3.105 empresas, que representan o 17% do total galego, ascendendo o seu valor engadido bruto a 4.286,1 millóns de euros (24,7% do total) e os ingresos de explotación a 23.309,7 millóns, o 31,2% do tecido empresarial analizado.

Tomando os valores da mediana (P50), o sector produtivo manufactureiro presenta unha rendibilidade económica lixeiramente superior á do conxunto de Galicia, en contraste co que acontece coa rendibilidade financeira. En 2015, a rendibilidade económica da industria manufactureira foi do 2,83% e a financeira do 4,06% (2,73% e 4,21% no conxunto do tecido empresarial que conforma a mostra). Asemade, cómpre resaltar que entre os anos 2013 e 2015, a mellora tanto da rendibilidade económica como financeira é superior no caso da industria manufactureira que no tecido empresarial galego.

Como é de esperar, a medida que aumenta a dimensión empresarial, melloran as rendibilidades económicas e as rateos de actividade por empregado. Dunha banda, as grandes empresas presentan

Principais datos económicos do tecido empresarial da industria manufactureira 2015. Distribución segundo tamaño

		Industria manufacturas				
		Total sector	**Grandes empresas (250 e máis asalariados)**	**Medianas empresas (50 - 249 asalariados)**	**Pequenas empresas (10 - 49 asalariados)**	**Micro empresas (menos de 10 asalariados)**
Empresas (mostra homoxénea)		3.105	37	246	1.025	1.797
Empregados		82.894	28.488	24.547	22.482	7.377
Ingresos Explotación	(millóns de euros)	23.309,7	11.571,3	6.615,1	4.236,4	887,0
Valor engadido	(millóns de euros)	4.286,1	1.826,3	1.317,9	901,4	240,4
Gastos persoal	(millóns de euros)	-2.729,2	-1.056,9	-838,7	-637,8	-195,8
Resultado exercicio	(millóns de euros)	759,0	360,4	260,0	133,5	5,1
Cash flow	(millóns de euros)	1.417,0	734,3	412,1	236,6	34,0
Activo total	(millóns de euros)	18.303,2	5.946,9	7.200,7	3.926,8	1.228,8
Rendibilidade económica P (50)		2,83%	7,18%	4,84%	3,50%	2,12%
Rendibilidade financeira P (50)		4,06%	11,15%	6,65%	4,86%	3,05%
Ing. Explotación / empregado P (50)	(euros)	84.301,7	286.543,5	163.079,8	89.178,0	72.914,0
Valor engadido / empregado P (50)	(euros)	29.631,8	51.801,8	44.030,6	32.369,3	25.974,7
Custo medio do emprego P (50)	(euros)	25.082,0	34.210,2	32.437,6	26.335,4	23.314,3

Fonte: Ardán, Consorcio Zona Franca Vigo

unhas rendibilidades significativamente superiores ao do sector produtivo manufactureiro e ao tecido empresarial galego. En 2015, último dato dispoñible, as grandes empresas de manufacturas (máis de 250 empregados) presentan unha rendibilidade económica do 7,18% e una rendibilidade financeira do 11,15% (valores da mediana) sendo estas porcentaxes do 2,83% e 4,06%, respectivamente, no conxunto do sector manufactureiro. Doutra banda, a rateo ingresos de explotación por empregado ascende a 286.543 euros, 3,4 veces máis que no sector manufactureiro galego. Asemade, o valor engadido xerado por empregado sitúase en 51.802 euros, 1,7 veces máis que no sector.

As empresas con menos de dez asalariados, son as únicas que presentan rateos inferiores á media do sector manufactureiro. Neste senso, os ingresos de explotación por empregado son un 13,5% inferior ao sector produtivo manufactureiro, e o valor engadido bruto, un 12,3% inferior.

III- ACTUALIDADE FORO

NIVEL DE RIQUEZA REGIONAL, BIENESTAR Y DESARROLLO

ALBINO PRADA (ECOBAS, UVIGO E UDC) Y PATRICIO SÁNCHEZ (GEN - UVIGO)

Nivel de riqueza y bienestar social dentro de España

El muy laborioso Instituto Valenciano de Investigaciones Económicas (IVIE) en colaboración con la Fundación BBVA ha presentado recientemente un oportuno trabajo en el que se evalúa el bienestar social en las Comunidades Autónomas españolas. Con el título "Las facetas del bienestar: una aproximación multidimensional a la calidad de vida en España y sus comunidades autónomas 2006-2015"[1] se estima en dicho trabajo un índice agregado de bienestar para las siguientes doce variables (Índice de Bienestar Social, IBS12 lo llamaremos aquí).

Dimensiones y variables del IBS12 a escala española

Bienestar material
Renta per cápita
Paro larga Duración
Desigualdad
Pobreza
Salud
Esperanza de vida
Población con salud buena o muy buena
Obesidad
Tabaquismo
Educación
Población con al menos educación secundaria superior
Años esperados de escolarización
Abandono escolar temprano
PISA

Fuente: IVIE-Fundación BBVA

1-Disponible en: http://www.ivie.es/es_ES/pais-vasco-la-rioja-y-navarra-son-las-cc-aa-con-mayor-nivel-de-bienestar-aunque-son-los-habitantes-de-baleares-los-mas-satisfechos-con-la-vida/

Como se observa se manejan tres dimensiones, cada una con cuatro variables o indicadores. En la primera de ellas se recoge el bienestar material evaluado por el nivel de riqueza, pobreza, desigualdad y desempleo. En la segunda el bienestar en lo referente a la salud con otros cuatro indicadores relevantes y en la tercera la calidad educativa con cuatro indicadores no menos relevantes. En conjunto se vuelcan en un indicador sintético por el procedimiento de suma de puntuaciones (4 como máximo para cada indicador y 1 como mínimo): Se obtiene así un resultado entre un máximo de 48 y un mínimo de 12 puntos.

Sin duda dicha puntuación (y el ranking de CCAA resultante que presentamos a continuación) puede tomarse como una radiografía bastante completa del nivel de bienestar social medio de cada región.

Procedimiento de valoración

Desempeño de cada variable en cuatro categorías: A, B, C, D
Se da 4 puntos a cada variable con categoría A, 3 puntos a cada variable con categoría B, 2 puntos para la categoría C y 1 punto para la D
Se suman los puntos obtenidos para cada variable (cuenta de Borda) y comparan así las Comunidades
Las puntuaciones oscilan así entre 12 (la más baja posible) y 48 (la más alta)

Fuente: IVIE-Fundación BBVA

En un primer recuadro de datos presentamos el ranking regional de bienestar social derivado del IBS12, ranking en el que como se observa ocupa la primera posición el País Vasco (que alcanza los 43 puntos en el citado estudio), mientras la última la ocupa Canarias (con 17 puntos).

Ranking regional dentro de España según el IBS12 (2014-2015)

	17 CCAA	PIBpc	Diferencia
1	País Vasco	2	1
2	La Rioja	6	4
3	C.F. de Navarra	3	0
4	C. de Madrid	1	-3
5	Cantabria	9	4
6	Castilla y León	8	2
7	Aragón	5	-2
8	P. de Asturias	12	4
9	Cataluña	4	-5
10	Islas Baleares	7	-3
11	Galicia	11	0
12	C. Valenciana	10	-2
13	Castilla - La Mancha	15	2
14	Extremadura	17	3
15	R. de Murcia	14	-1
16	Andalucía	16	0
17	Canarias	13	-4

Fuente: Elaboración propia con datos del IVIE-Fundación BBVA e INE

A la vista de dicho ranking nos parece útil interrogarnos sobre el ajuste o acoplamiento del IBS12 con el nivel de riqueza (evaluado por el PIBpc) regional respectivo. Interrogarnos, en definitiva, por la transformación que se produce en cada región de su nivel de producción de riqueza en bienestar social. Para ello hemos añadido al ranking del IVIE el derivado de la sola consideración del PIBpc (en la tercera columna), anotando en una cuarta y última columna las diferencias entre ambos rankings.

Hemos sombreado en verde aquellas CCAA que mejoran su posición: que consiguen transformar un nivel de riqueza relativo menor en un nivel de bienestar mayor. Así Asturias y La Rioja mejoran cuatro posiciones y se sitúan en nivel de bienestar social muy por encima de lo que permitiría su nivel de riqueza. También sucede esto en Cantabria y Extremadura.

Y hemos sombreado en color rosado aquellas regiones que, como Cataluña, retroceden posiciones dentro de España de evaluar su nivel de riqueza (sería la 4ª) a medir bienestar social con el IBS12 del IVIE (entonces Cataluña ocupa la posición

9ª). Canarias, Madrid o Baleares acompañan a Cataluña en este retroceso relativo en la transformación de su nivel de riqueza en nivel de bienestar social.

Interesa resaltar que también existen comunidades que mantienen exactamente la posición relativa en ambas evaluaciones (nivel de riqueza y de bienestar social): Galicia, Navarra o Andalucía.

Los casos coloreados sugieren que las políticas del Estado de Bienestar (educativas, sanitarias, de protección social) español, y los saldos fiscales a ellas asociadas, estarían mejorando la posición de bienestar social de algunas regiones por encima de lo que les sería posible con su nivel de riqueza interno y, al revés, que otras regiones al ceder recursos y riqueza no podrían mantener esa misma posición en el ranking de bienestar social. Una redistribución social y territorial interna de riqueza que conformaría un país menos desigual en bienestar social que en nivel de riqueza.

En el siguiente cuadro recogemos los mismos datos aunque ahora presentados ordenando las comunidades de la más a la menos rica. Los signos negativos en la parte superior del mismo (a partir de Cantabria hasta Madrid) indicarían la intensidad de cesión de riqueza propia de una región en bienestar de otras regiones. Las CC.AA. de ese bloque superior que no anotan signos negativos nos indican que estarían siendo muy poco proactivas en esa redistribución (La Rioja, País Vasco y Navarra).

En la zona inferior del cuadro (de Cantabria hasta Extremadura) sucedería al revés. Las comunidades con signo negativo estarían empeorando su bienestar regional en relación a su nivel de riqueza, cuando debiera ser al contrario (son los casos de Canarias, Valencia o Murcia). Sin embargo las que tienen signos positivos (Cantabria, Extremadura, Asturias) se verían beneficiadas de la redistribución de todas aquellas que lo tienen negativo.

Por último, regiones como Galicia o Andalucía no verían modificada su posición relativa de evaluarla en función de su riqueza o de su bienestar social.

Ranking según riqueza regional y redistribución del bienestar (2014-2015)

C. de Madrid	-3
País Vasco	1
C.F. de Navarra	0
Cataluña	-5
Aragón	-2
La Rioja	4
Islas Baleares	-3
Castilla y León	2
Cantabria	4
C. Valenciana	-2
Galicia	0
P. de Asturias	4
Canarias	-4
R. de Murcia	-1
Castilla-La Mancha	2
Andalucía	0
Extremadura	3

Fuente: Elaboración propia con datos del IVIE-Fundación BBVA e INE

Nivel de riqueza y desarrollo social a escala europea

Por nuestra parte, recientemente hemos publicado en la Revista de *Economía Mundial*[2] un análisis también a escala regional, y también con doce indicadores, para evaluar en el conjunto de la Unión Europea la transformación del nivel de riqueza en desarrollo o bienestar social.

En él hemos aplicado una metodología previamente contrastada, para el conjunto de países del mundo, publicada en la revista *Social Indicators Research*[3]. En vez de una suma de puntuaciones normalizamos los indicadores entre cero y uno, para los valores máximos y mínimos europeos, y con ellos estimamos la media geométrica primero dentro de cada dimensión y finalmente entre las cuatro consideradas.

Para el caso de las regiones españolas en el conjunto de las regiones europeas las dimensiones y variables utilizadas en la estimación de un Índice de Desarrollo Social (IDS12 en lo sucesivo) se presentan en el siguiente recuadro. También se consideran ahora las dimensiones sanitarias y educativas con indicadores específicos, mientras que la dimensión material del IBS12 aquí se desagrega en una específica de empleo (con dos indicadores) y en otra de bienestar social (con cuatro indicadores) de la que se ha excluido el nivel de riqueza (PIBpc) por razones que se justifican en los citados artículos.

Dimensiones y variables del IDS12 a escala regional europea

Dimensión	Variable
Salud	Esperanza de vida al nacer 2012
	Tasa de mortalidad infantil 2012
	Mortalidad cardiovascular por cien mil habitantes 2010
	Médicos por cien mil habitantes en 2012
Educación	Población entre 25-64 años con al menos educación secundaria en 2012
	Idem. para población con estudios superiores
Empleo	Tasa de empleo femenino entre 15-64 años en 2012
	Tasa de paro juvenil (15-24 años) en 2012
Bienestar social	Tasa de homicidios por cien mil habitantes 2008-2010
	Idem. para suicidios
	Idem. para mortalidad en accidentes tráfico
	Tasa de riesgo de pobreza en 2010

Fuente: elaboración propia de los autores

2- Disponible en https://www.sem-wes.org/sites/default/files/revistas/rem46_8.pdf

3- Disponible en https://link.springer.com/article/10.1007/s11205-015-1206-0?no-access=true

En este caso también nos interesa contrastar, tal como hicimos a escala española para el IBS12 elaborado por el IVIE, la posición derivada del IDS12 respecto a la posición que cada región española tiene a escala europea en lo relativo a su nivel de riqueza. Es lo que presentamos en el siguiente recuadro de datos en el que las regiones españolas aparecen ordenadas por su posición en términos de PIBpc.

Ni en las primeras posiciones del ranking, ni en las últimas parece haber grandes variaciones respecto a lo que nos definía el IBS12. Además Navarra, Galicia o la Comunidad Valenciana ocupan en ambos rankings idéntica posición. Pero a pesar de todo ello pareciera como si ahora, al enlazar el diagnóstico de los efectos redistributivos internos (los signos positivos o negativos en el diferencial de posiciones) en la transformación del nivel de riqueza (PIBpc) en bienestar social (IDS12) dentro de España ahora no quedase ni rastro de los mismos.

Clasificación de regiones españolas según riqueza y variación en el ranking europeo de bienestar. IDS12 (2010-2012)

295 Regiones	Diferencia con PIBpc
C. de Madrid	6
País Vasco	-73
C.F. de Navarra	-70
Cantabria	19
Cataluña	-72
Aragón	-54
Castilla y León	-52
La Rioja	-83
Islas Baleares	-78
P.de Asturias	-34
Galicia	-29
C.Valenciana	-26
Canarias	-31
R.de Murcia	-34
Castilla La Mancha	-30
Andalucía	-43
Extremadura	-33

Fuente: Elaboración propia con datos del IVIE-Fundación BBVA e INE

Para empezar porque todas menos dos (Madrid y Cantabria) tienen signos negativos.

Podría imputarse que parte de tal impresión derivase del cambio de dimensiones e indicadores utilizados, de la forma de estimación del indicador sintético, o de haber pasado de hacerlo para 17 regiones a hacerlo para 295.

Sin embargo, las cifras del recuadro nos situan ante una consideración que a escala interna española no podíamos intuir. Se trata de que ahora la cifra media de variación de posiciones en una región española es de un descenso o caída de más de cuarenta posiciones.

Y ello quiere decir que, por término medio, la transformación del nivel de riqueza en desarrollo o bienestar social en España es muy poco eficiente. Nada que ver, como detallamos en la *Revista de Economía Mundial*, a lo que sucede por ejemplo con el Reino Unido donde el número medio de posiciones que asciende una región se acerca a la centena.

Digamos que ese sería el “efecto país”

mientras que las variaciones restantes se deberían a la redistribución interna. De manera que regiones con diferenciales positivos o con negativos inferiores a -42 tendrían caídas inferiores a la media gracias a la redistribución interna. Serían los casos de Cantabria, Asturias, Extremadura, Castilla – La Mancha o Galicia.

Para visualizarlo recuperamos en una nueva Tabla los datos de las dos tablas anteriores (cambio de rankings con el IBS12 y con el IDS12) pero ahora añadiendo una última columna con el IDS12 "descontado" el efecto país.

Ahora, descontado el "efecto país", las variaciones restantes se asociarían a la redistribución interna. De manera que, a la vista de la última columna, todas las regiones por debajo de Cantabria que anotan signos positivos (todas menos Andalucía) mejoran gracias a la redistribución interna. Y todas las que están por encima de Cantabria (salvo Madrid) empeoran a causa de la redistribución interna.

Ranking de riqueza y bienestar regional: cruce de escalas nacional y europea

	IBS-PIB	IDS-PIB	IDS-PIB+42
C. de Madrid	-3	6	48
País Vasco	1	-73	-31
C.F. de Navarra	0	-70	-28
Cataluña	-5	-72	-30
Aragón	-2	-54	-12
La Rioja	4	-83	-41
Islas Baleares	-3	-78	-36
Castilla y León	2	-52	-10
Cantabria	4	19	61
C.Valenciana	-2	-26	16
Galicia	0	-29	13
P.de Asturias	4	-34	8
Canarias	-4	-31	11
R.de Murcia	-1	-34	8
Castilla La Mancha	2	-30	12
Andalucía	0	-43	-1
Extremadura	3	-33	9

Fuente: elaboración propia e IVIE

Cantabria es un buen ejemplo del primer grupo entre las regiones españolas. Sabíamos por el IBS12 que ascendía cuatro posiciones dentro de España respecto a su PIBpc, y ahora el IDS12 nos indica que asciende 19 posiciones dentro de la UE. Diecinueve posiciones que, cuando tenemos en cuenta la caída media española de 42 posiciones, se convierten nada menos que en 61 posiciones respecto a esa tendencia.

Con esta transformación los casos de Asturias y Extremadura, que ascendían con el IBS12, también lo hacen para el IDS12 (en 8 y 9 posiciones).

Galicia se vería afectada negativamente por ese efecto país, aunque descontado éste anotaría una favorable y ligera mejora dentro del ranking europeo (en 42-29 = 13 posiciones).

A pesar de esa mejora si comparamos su nivel de bienestar europeo (IDS12) con una región de semejante nivel de riqueza como Irlanda del Norte (ambas con algo menos de 22.000 euros por habitante), comprobamos que Galicia solo llega al 83% de su IDS12. Y es así que de estar en una muy semejante posición en el ranking europeo de riqueza, Galicia se sitúa como la 214ª en bienestar social mientras que Irlanda lo hace en la po-

sición 183ª. Treinta posiciones de distancia.

Las dimensiones que lo explican, tal como visualizamos en un diagrama, son las de empleo y educación en las que Irlanda del Norte alcanza una puntuación muy superior a la nuestra. Mientras que en sanidad y bienestar social los niveles son muy semejantes.

Entre las regiones que perdían dentro de España posiciones, en su transformación de nivel de riqueza en bienestar social con el IBS12, destacaban Cataluña y Baleares (con 5 y 3 posiciones de descenso respectivamente), nótese que ahora con el IDS12 esas dos regiones también son de las españolas que más descienden en el ranking europeo (72 y 78 posiciones totales que, deducido el "efecto país" se quedarían en un descenso de 30 y 36 posiciones).

Dimensiones del desarrollo social



Dimensiones del desarrollo social



Fuente: elaboración propia

Cataluña con 29.200 euros de PIBpc ocupa la posición 89ª de la UE, pero en desarrollo social desciende a la posición 161ª (por cierto por debajo de Cantabria como ya sucedía con el IBS12), y es así como se sitúa por debajo de Escocia que en nivel de riqueza, con 26.300 euros, ocupa la posición 151ª. Así, mientras en PIBpc Escocia anota el 90% de Cataluña, en desarrollo social se sitúa en el 106%.

En un nuevo gráfico representamos las cuatro dimensiones incluidas en el IDS12 para ambas regiones europeas. Se observa con claridad cómo, excepto en la dimensión de salud, en las dimensiones educativas, de empleo y de bienestar social el nivel de Escocia es muy superior al de Cataluña.

Debemos detenernos a comentar sendos casos "atípicos" en dos de las regiones más ricas de España: Madrid y País Vasco.

Para el IBS12 el País Vasco no estaría anotando apenas ascenso o descenso y, por tanto, no estaría cediendo riqueza para la redistribución interna española. Un diagnóstico que no nos sorprende a la vista de las balanzas fiscales.

Sin embargo el IDS12 anota para el País Vasco a escala europea un descenso de nada menos que 73 posiciones (*que aún corregidas por el efecto país quedarían en un descenso de 31 posiciones*). Sin duda a escala de la UE el desarrollo social del País Vasco no se corresponde en absoluto con su nivel de riqueza. Y ello al margen de sus muy escasos esfuerzos redistributivos dentro de España.

En efecto, el País Vasco detenta la posición 53ª en PIBpc dentro de las regiones europeas con 32.600 euros, pero desciende a la posición 126ª en desarrollo social. En Reino Unido, Surrey con 30.300 euros, y la posición 71ª en PIBpc, sin embargo asciende a la posición 9ª en desarrollo social.

Surrey con un nivel de riqueza del 93% del País Vasco anota un bienestar social del 138% respecto al País Vasco.

De nuevo se nos hace presente que con menos riqueza se puede alcanzar un muy superior bienestar social.

Como detallamos en el correspondiente gráfico, sobre las cuatro dimensiones del desarrollo social incluidas en nuestro IDS12, Surrey con una riqueza por habitante inferior a la del País Vasco solo se ve superada por éste en la dimensión relativa a la salud, mientras que en el conjunto de indicadores relativos a educación, empleo y bienestar social se encuentra muy por encima.

El País Vasco está peor situado en desarrollo social (126ª), por poner otro ejemplo, que la Alsacia francesa que, con un PIBpc de 26.300 euros muy inferior al suyo (del 81%), se sitúa en la posición 120ª en desarrollo social. El País Vasco presentaría en consecuencia un problema de eficiencia en la transformación de riqueza en desarrollo social a escala europea, y, al mismo tiempo otro de equidad dentro de España.

No debemos dejar de subrayar que Surrey o Alsacia serían dos magníficos ejemplos de cómo con un menor PIBpc se puede alcanzar un mayor nivel de desarrollo y de calidad de vida.

El otro caso atípico es el de Madrid. Sabíamos por el IBS12 que cedía parte de su nivel de riqueza en favor de otras regiones españolas al descender tres posiciones. Sin embargo con el IDS12 a escala europea comprobamos que asciende seis posiciones (lo que, si tenemos

Dimensiones del desarrollo social



Fuente: elaboración propia

en cuenta el efecto país de -42, se convertiría en un ascenso muy superior) solo superado por el ya analizado de Cantabria. Es así que Madrid asciende de la posición europea 43ª en PIBpc a la posición 37ª en desarrollo social.

En este caso habría que razonar dicha asimetría en que no estaría realizando un esfuerzo redistributivo interno excesivo dentro de España, en relación a su nivel de riqueza, lo que le permitiría avanzar posiciones de desarrollo social a escala europea, sumado a que estaría polarizando no pocas dotaciones (educativas, sanitarias o de protección social) públicas por el efecto capital. Y así se explicaría que regiones italianas de semejante riqueza (por ejemplo Trento o Lombardía) pierdan decenas de posiciones en el IDS12, y lo mismo sucede en regiones de los Países Bajos (por ejemplo Zuid-Holland o Noord-Brabant) o de Austria (por ejemplo Oberösterreich), mientras Madrid, reiteramos, las gana.

CONCLUSIÓN

La transformación del nivel de riqueza regional en desarrollo social a escala europea para el caso de las regiones españolas (analizado con el IDS12) nos informa de un mal desempeño salvo para Madrid y Cantabria. Nada que ver con lo que sucede con el conjunto de las regiones del Reino Unido dónde mejoran casi sin excepción todas ellas decenas de posiciones en desarrollo social respecto a la que ocupan en PIBpc a escala europea.

Esa misma transformación analizada dentro de España (por medio del IBS12 del IVIE) nos informa de unos efectos redistributivos internos no alineados con el nivel relativo de riqueza. Ya que regiones como Cantabria o La Rioja mejoran más posiciones que el resto de regiones que tienen un menor PIBpc que ellas. Sin olvidar que País Vasco o la Comunidad Foral de Navarra no anotan ningún descenso en favor del bienestar social de las menos ricas, o el hecho de que Cataluña pierda más posiciones que Madrid no siendo más rica en PIBpc.

Se superponen en consecuencia dos efectos. Uno de eficiencia del conjunto de España, en la transformación de riqueza en desarrollo social, y otro de equidad dentro de España para la mejora del bienestar social de los territorios menos ricos por cesión de recursos de los que lo son más. La combinación de ambos factores genera resultados y situaciones muy heterogéneas que convendría homologar tanto a escala europea como a escala interna.

www.foroeconomicodegalicia.es

O Foro Económico de Galicia é unha plataforma de transferencia de coñecemento en materia económica dende as empresas e universidades galegas á sociedade e aos espazos de decisión pública. O Foro integra a profesores e investigadores, empresarios e directivos representativos dos diferentes sectores e áreas de Galicia, e xornalistas galegos de referencia.

SOCIOS


ABANCA
ASOCIACION GALLEGA DE LA EMPRESA FAMILIAR
Casal de Armán
civisglobal
construimos entorno
COREN
CRTVG
CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA
gasNatural fenosa
Cuidamos personas en buena compañía
Geriatros - SARquavitae
HIJOS DE RIVERA, S.L.
CORPORACIÓN
Hierros AÑÓN, S.A.
INVERAVANTE
JEALSA
MAPFRE
Grupo Maviva
Grupo Nogar
PÉREZ RUMBAO
ReVi
Rodiñas
Rodman
ZFV
CONSORCIO ZONA FRANCA DE VIGO
Grupo de investigación GEN
Universidade Vigo



ABANCA